

TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVICIO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO.

Artigo 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución, polo art. 106 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e o artigo 58 da lei 39/1988 reguladora das facendas locais, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (TRLRFL), o Concello de Arzúa establece a Taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo, a que se refire o artigo 20.4 s) do TRLRFL, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE

- 1.- Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recepción obligatoria de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos nos que se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos.
- 2.- Considerarase de carácter voluntario a prestación de servizos realizada, a pedimento de parte, para:
 - a) a recollida de mobles, utensilios e trastos inútiles.
 - b) a recollida de calquera outro produto ou material non enumerado neste artigo, que teña a consideración de residuo sólido urbano.

Artigo 3. SUXEITO PASIVO

- 1.- Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario, usufrutuario, arrendatario ou precarista. Cando se trate de servizos prestados previa solicitude será suxeto pasivo o solicitante ou causante da prestación.
- 2.- Terán a condición de substitutos do contribuinte os propietarios dos inmobles nos que se preste o servizo, que poderán repercutir as cotas, no seu caso, ós respectivos beneficiarios.

Artigo 4. RESPONSABLES

- 1.- Responderán solidariamente das obrigas do suxeto pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren o artigo 34 da lei Xeral Tributaria.
- 2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5. COTA TRIBUTARIA.

- 1.- A tarifa do servizo de recepción obligatoria de recollida de lixo, constará dunha parte fixa e unha parte variable. A parte fixa será única por unidade de local, aínda que diferenciada en función do tipo de actividade desenvolta no mesmo. No caso das vivendas (tarifa doméstica), a cota será fixa.

Para os locais de negocio, administracións públicas e asimilados, a parte variable establécese, salvo as excepcións reguladas especificamente, en función da actividade desenvolvida e a superficie.

1.A.- Tarifa doméstica :

a.- Vivenda con recollida ordinaria: 65 € ao ano

b.- vivenda con recollida alterna: 35 € ó ano.

1.B.- Tarifa de locais comerciais, industriais e administrativos:

a.- Cota fixa: Cada local pagará unha cota fixa anual de 100 €. Esta cota fixa será única por unidade de local, con independencia de que no mesmo sexan desenvoltas varias actividades polo mesmo obrigado tributario (ou sirva simultaneamente de vivenda e local de actividade).

b.- Cota variable: Será o resultado de multiplicar o número de m2 de cada local polo valor base anual de 0,50 € e o coeficiente correspondente á actividade segundo o parágrafo 1.C deste artigo; tributando polo coeficiente correspondente á actividade cun maior coeficiente no caso de exercer varias actividades. Isto é, no suposto de realización de dous ou máis feitos imponibles no mesmo local, devengarase unicamente a cota que corresponda á actividade que teña sinalada a maior contía por aplicación deste apartado b) e máis o 1.C), sumando a superficie de todas as actividades desenvolvidas nun mesmo local, cando sexan dun mesmo titular. Se fosen de titulares distintos, xiraranse liquidacións diferentes por cadansúa tarifa.

A superficie dos locais, ó efecto de determinar a base de gravame, comprenderá a totalidade do local afecto á actividade (superficie declarada a efectos do Imposto sobre actividades económicas para os locais de negocio, e superficie construída do padrón do Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana ou comprobación administrativa polos servizos do Concello), sen que proceda a exclusión de ningunha dependencia por razón do seu uso específico.

b.1.- No caso de clubs, peñas e asociacións culturais ou deportivas debidamente rexistradas á tarifa variable aplicarase un coeficiente reductor do 0,50 á superficie declarada.

b.2.- As actividades que se desenvolvan nas vivendas dos titulares da actividade aplicaráselle un coeficiente reductor do 0,5 sobre a cota variable, sempre e cando abonen ademáis as cantidades que correspondan ás vivendas.

1.C.- Os coeficientes de cada actividade ou grupo de actividades e a correspondencia de cada unha delas en termos dos epígrafes do Imposto sobre actividades económicas e similares é a seguinte:

ACTIVIDADE	COEFICIENTE	
	Recollida ordinaria	Recollida alterna
HOTEIS, RESIDENCIAS, HOSTAIS, PENSIÓNS E ALBERGUES	1	0,50
RESTAURANTES E CASAS DE COMIDAS	4,50	2,25

CAFETERIAS BARES, PUBS, DISCOTECAS E SALAS DE FESTAS OU SIMILARES	2,50	1,25
PROFESIONAIS OFICINAS E CLINICAS	0,85	0,45
COMERCIO MENOR E MAIOR (MENOS ALIMENTACIÓN)	1	0,50
COMERCIO ALIMENTACIÓN MENOR E MAIOR E INDUSTRIA ALIMENTARIA	3	1,50
INDUSTRIA (SALVO A ALIMENTARIA)	0,60	0,30
TRANSPORTES, ALMACENS E TALLERES	0,50	0,25
CENTROS EDUCATIVOS, EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS, DE SERVICIOS SOCIAIS E TANATORIOS	0,20	0,10
SERVICIOS RECREATIVOS E CULTURAIS	0,38	0,19

Como medida social de fomento de reciclaxe e protección do medio ambiente, sobre cota que resulte por aplicación das normas contidas neste artigo, aplicarase unha redución do 20% para aquelas vivendas que realicen compostaxe de materia orgánica mediante composteiros, ben a título individual ou por participación nalgún programa promovido polo Concello de Arzúa.

A diminución na cota por autocompostaxe terá carácter rogado e deberá validarse mediante comprobación dos técnicos municipais da existencia do composteiro ou similar así como da súa utilización. A redución aplicarase a partir do período impositivo seguinte ó da súa solicitude.

Artigo 6. PERIODO IMPOSITIVO E OBRIGA DE CONTRIBUIR

1.- O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de supostos de inicio na prestación do servizo, en cuio caso abarcará dende esa data ata o remate do ano natural.

2.- Para a recollida xeral e obrigatoria en vivendas e locais comerciais a obriga de contribuir nace dende o momento en que se presta o servizo na zona na que se sitúa a vivenda ou o establecemento.

Presúmese a utilización do servizo cando existe a posibilidade de habitar a vivenda ou de usar o local por contar con calquera dos servizos de subministro de agua, saneamento ou enerxía eléctrica.

Artigo 7. NORMAS DE XESTIÓN

1.- A taxa xestionase a partires dun padrón constituído polo censo comprensivo dos obrigados tributarios, e as tarifas.

2.- Cando se coñeza de oficio ou por comunicación dos interesados calquera variación dos datos que haberán de figurar no padrón desta taxa, levaráanse a cabo as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data en que se efectuara a declaración.

3.- O padrón anual de suxeitos pasivos obrigados ó pago será aprobado por Decreto do Alcalde e exporáse ó público para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ó público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

4.- Para darlle efectividade ó cobro desta taxa enviarase un exemplar do padrón anual e, á Deputación Provincial como órgano encargado da recadación.

Artigo 8. INFRACCIONS E SANCIÓN S

Para todo o relativo á cualificación de infracción s tributarias, e a imposición das sanción s correspondentes , rexerá o disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria así como as disposición s da ordenanza xeral de Xestión.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A partir da entrada en vigor desta Ordenanza queda derogada a anterior reguladora da taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza, cúa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de outubro de 2007 , entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2.008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.